

## TI CONTAS

All of you are part of this



CEIP ALBORADA 23/24



# ÁMBITO SOCIAL-NATURAL

## 1.-IDENTIFICACIÓN

**TÍTULO DA TAREFA:** DIVÉRTOME CON CORAZÓN

**ETAPA :** EDUCACIÓN PRIMARIA

**NIVEIS:** 1º CICLO

**ÁMBITO / ÁREAS:** NATURAIS, SOCIAIS, LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ E PROXECTO COMPETENCIAL, EDUCACIÓN ARTÍSTICA

**PROFESORADO:** Cristina Pena Vicente.

### **DESCRIPCIÓN DA TAREFA:**

Nesta nova tarefa queremos lembrar un pouco todas as temáticas que fixemos ao longo das sesións anteriores: alimentación saudable, a auga, as plantas... e levar acabo actividades máis lúdicas con motivo do final de curso.

**XUSTIFICACIÓN:** Partindo do programa vida saudable do noso centro e da PDI "O corazón", queremos seguir recalcando no noso alumnado a importancia de coidarnos, de levar unha alimentación saudable e un estilo de vida bo para o noso corazón pero tamén queremos seguir acercando aos nenos e nenas ao fascinante mundo da ciencia e ensinalles que se pode aprender pasándoo ben, experimentando, colaborando e axudándose uns aos outros.

### **CONTEXTO**

Realizarase no ámbito de aprendizaxes das Ciencias Sociais e Naturais no 1º andar do colexio.

<b>2. CONCRECIÓN CURRICULAR</b>		
<b>ACTIVIDADES</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ INDICADORES</b>	<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>
Actividade previa: repaso do traballado nas tres anteriores sesións.		
1. Presentación do traballo a realizar ese día e lembrar o máis importante sobre alimentación saudable, as plantas e a auga.	LC - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística. LG - CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía.	Escala de observación
2. A auga: Experimentos lúdicos empregando a auga: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Apagamos unha vela cun bote de cristal.</li> <li>- Comprobamos que peso pode aguantar unha carta enriba dun vaso con auga e sen auga (tensión superficial)</li> <li>- Papel que non se molla (presión do aire).</li> <li>- Auga que non se mestura.</li> <li>- Fluido no newtoniano.</li> <li>- Slime ou plastilina casera.</li> <li>- Cambio de sentido das frechas (refracción da luz a</li> </ul>	LC - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística. LG - CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía. M - CA2.1/CA3.1/CA6.4. Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos. M - CA5.1. Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos. CCNN - CA4.5. Participar en diversas tarefas en equipo,	Rúbrica + Escala de observación

<p>través da auga) - Pompas de xabón xigantes.</p>	<p>desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia. LC - CA2.8. Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos / LG - CA2.8. Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a es-coita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos. PC - CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. EPV - CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.</p>	
<p>3. A alimentación saudable. Estamos en Masterchef! Recrearemos pratos con alimentos saudables e faremos unha rica e apetitosa merenda, identificando ben as froitas e os beneficios que nos aporta segundo a súa cor.</p>	<p>CCNN - CA4.5. Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia. CCNN- CA1.1. Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación. CCNN. CA2.2. Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso , a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades. CCNN- CA2.3. Identificar actitudes que fomenten o benestar</p>	<p>Rúbrica+Escala de observación</p>

	<p>emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.</p> <p>PC - CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p>	
<p>4. As plantas: Facemos as nosas propias flores con papel.</p>	<p>EPV - CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.</p> <p>CCNN - CA4.5. Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.</p> <p>CCNN- CA1.1. Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.</p> <p>CA1.1. Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas cualidades ou atributos amosando curiosidade e interese.</p> <p>PC - CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p>	<p>Rúbrica + escala de observación</p>
<p>5. Volta á calma e peche da sesión.</p>	<p>LC - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou</p>	<p>Escala de</p>

<p>Reflexión do traballo realizado e a importancia de manter unha boa hidratación do corpo e do coidado e da importancia da auga.</p>	<p>reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística. LG - CA2.6. Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións. CCNN. CA2.2. Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso , a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.</p>	<p>observación</p>
<p>6. Actividade de ampliación: 6.1. Xogamos coa auga! : -Facemos debuxos máxicos con papel absorbente, rotuladores e un prato con auga. - Debuxos que se moven na auga - Vermes máxicos de papel  6.2. Pasapalabra de repaso do traballado ao longo de todo o curso no ámbito de ciencias.</p>	<p>CCNN. CA2.2. Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso , a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades. EPV - CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. PC - CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p>	<p>Rúbrica+Escala de observación</p>
<p>7. Actividade de reforzo. Realizárase acompañamento na realización da tarefa na que se necesite facer un reforzo ou redución da</p>	<p>EPV - CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o</p>	<p>Escala de observación</p>

complexidade cando sexa necesario.

respecto á diversidade.

CCNN- CA4.1. Utilizar dispositivos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo e de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.

LG - CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.

### CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA

Comprensión escrita -Comprensión audiovisual -Expresión oral- Expresión escrita -Habilidades plásticas: Creatividade -Traballo en equipo- Toma de decisións- Respecto ás opinións diferentes- Traballo coas tics- Educación artística

### 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADE	LUGAR DA ACTIVIDADE	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
1. Presentación do traballo a realizar ese día e lembrar o máis importante sobre alimentación saudable, as plantas e a auga.	Aula socio-natural do 1º andar	Gran grupo.	Pizarra e rotuladores de pizarra de cores Colchonetas para sentarse	10 minutos
2. A auga: Experimentos lúdicos empregando a auga: - Apagamos unha vela cun bote de cristal. - Comprobamos que peso pode aguantar unha carta enriba dun	Aula socio-natural do 1º andar	Gran grupo e pequenos grupos.	Velas Acendedor Tarros de cristal. Vasos de cristal e de plástico transparentes. Pratos. Papel de folio Papel crepé Maicena. Fariña Cola. Colorante alimenticio. Rotuladores de pizarra. Gomina. Deterxente de lavaplatos	120 minutos



<p>vaso con auga e sen auga (tensión superficial)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Papel que non se molla (presión do aire).</li> <li>- Auga que non se mestura.</li> <li>- Fluido no newtoniano.</li> <li>- Slime ou plastilina casera.</li> <li>- Cambio de sentido das frechas (refracción da luz a través da auga)</li> <li>- Pompas de xabón xigantes.</li> </ul>			<p>Unha carta Moedas Auga Sal Pomperos xigantes</p>	
<p>3. A alimentación saudable. Estamos en Masterchef!</p>	<p>Aula socio-natural do 1º andar</p>	<p>Pequenos grupos e individual.</p>	<p>Froita variadas de distintas cores. Pratos. Paus de brochetas.</p>	<p>30 minutos</p>

Recrearemos pratos con alimentos saudables e faremos unha rica e apetitosa merenda, identificando ben as froitas e os beneficios que nos aporta segundo a súa cor.				
4. As plantas: Facemos as nosas propias flores con papel.	Aula socio-natural do 1º andar	Pequenos grupos e individual.	Papel hixiénico. Rotuladores de cores. Limpiapipas.	30 minutos
5. Volta á calma e peche da sesión. Reflexión do traballo realizado .	Aula socio-natural do 1º andar	Gran grupo.	Colchonetas para sentarse	10 minutos
6. Actividade de ampliación: 6.1. Xogamos coa auga! : -Facemos debuxos máxicos con papel absorbente, rotuladores e un prato con auga. - Debuxos que se moven.	Aula socio-natural do 1º andar	Pequeno grupo, individual e gran grupo.	Pratos Auga Papel absorbente Material funxible Rotuladores permanentes Pizarra Rotuladores de pizarra Xeringas	

<p>- Vermes máxicos de papel</p> <p>6.2. Pasapalabra de repaso do traballado ao longo de todo o curso no ámbito de ciencias.</p>				
<p>7. . Actividade de reforzo. Realízase acompañamento na realización da tarefa na que se necesite facer un reforzo ou redución da complexidade cando sexa necesario.</p>	<p>Aula socio-natural do 1º andar</p>	<p>Gran grupo e pequeno grupo</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ordenadores con internet.</li> <li>- Material funxibles para as actividades na que se necesite o reforzo</li> </ul>	
<p>8. Volta á calma e peche da sesión. Reflexión do traballo realizado e a importancia de manter unha boa hidratación do corpo e do coidado e da importancia da auga.</p>	<p>Aula socio-natural do 1º andar</p>	<p>Gran grupo</p>	<p>Colchonetas para sentarse</p>	<p>10 minutos</p>

#### 4.-AVALIACIÓN

<b>ASPECTOS A AVALIAR</b>	<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN</b>
ALUMNADO ( ENSINANZA- APRENDIZAXE)	ESCALA DE VALORACIÓN REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA	<p>Como?: Mediante a observación directa e sistemática.</p> <p>Quen?: A mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p>Cando?: Ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. <i>Farase fincapé nos aspectos positivos.</i></p>
PRÁCTICA DOCENTE	FICHA RECOGIDA DE INFORMACIÓN	<p>Como?: Cumprimentando a ficha.</p> <p>Quen?: A mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p>Cando?: Ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día.</p>

**CRITERIOS E CONTIDOS- RÚBRICA**

ITEMS		4	3	2	1	CRITERIOS DE AV.
<b>TRABALLO EN EQUIPO</b>	<b>A. ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO</b>	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes as súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo./	LG 4º: <a href="#">CA2.5</a> LG 3º e 4º: <a href="#">CA2.8</a>  LC 3º e 4º: <a href="#">CA2.8</a>
	<b>B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO</b>	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado.	CCNN 3º e 4º: <a href="#">CA4.5</a> , <a href="#">CA4.2</a>  M 3º e 4º: <a href="#">CA2.1</a> , <a href="#">CA3.1</a> , <a href="#">CA6.4</a>
	<b>C. PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO</b>	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuosa e non invasiva.	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.	LG 3º e 4º: <a href="#">CA2.8</a>  LC 3º e 4º: <a href="#">CA2.8</a>
	<b>D. RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO</b>	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervéñ nas quendas doutras persoas.	LG 4º: <a href="#">CA2.5</a>  LC 3º e 4º: <a href="#">CA2.4</a> , <a href="#">CA2.5</a>

**E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO**

Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actividades e dos experimentos, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo.

Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actividades e experimentos, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.

Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actividades e experimentos.

Cústalle seguir o paso a paso das actividades e cumprir os acordos do equipo.

PC 3º e 4º: CA1.1, CA1.2, CA1.4, CA1.5, CA2.1

CCNN 4º e 3º: CA4.3

<b>COMPRESIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES</b>	<b>F. É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS</b>	<p>É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir destes.</p>	<p>É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.</p>	<p>É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.</p>	<p>Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.</p>	<p>CCNN 3º e 4º: CA2.2. CA1.1, CA1.2, CA1.3, CA1.4</p>
	<b>G. É QUEN DE COMPRENDER CONCEPTOS CLAVES TRABALLADOS AO LONGO DA SESIÓN: O CICLO DA AUGA, A SÚA DENSIDADE, TIPOS DE AUGA E VALORAR A SÚA IMPORTANCIA PARA A VIDA...</b>	<p>É quen de comprender todos os conceptos traballados ao longo da sesión: a auga, así como os diferentes tipos de auga e valora a súa importancia para a vida...</p>	<p>É quen de comprender a maior parte dos conceptos traballados ao longo da sesión.</p>	<p>É quen de comprender algúns dos conceptos traballados con apoio.</p>	<p>Non é quen de comprender os conceptos traballados ao longo da sesión e amosa moitas dificultades.</p>	<p>CNN 3º e 4º: CA2.2. CA1.1, CA1.2, CA1.3, CA1.4</p>
	<b>H. É QUEN DE REALIZAR EXPERIMENTOS, COMPRENDELOS E REALIZAR AS ACTIVIDADES PROPOSTAS</b>	<p>É quen de realizar e comprender os experimentos e de realizar as actividades propostas sen dificultade.</p>	<p>É quen de realizar e entender os experimentos, así como realizar as actividades propostas case sen apoio,</p>	<p>É quen de realizar e comprender só algúns dos experimentos e levar a cabo só algunhas das actividades propostas.</p>	<p>Non é quen de realizar os experimentos e as actividades da sesión.</p>	<p>CNN 3º e 4º CA 2.2, CA1.1, CA1.2 , CA1.3, CA1.4</p>

## DESEÑO DA TAREFA – LISTA DE COTEXO

	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características e necesidades do contexto real da aula e respecta a atención á diversidade.		
As actividades deseñadas atópanse na Zona de Desenvolvemento Próximo (ZDP) do alumnado.		
Os obxectivos redactados foron os axeitados para poder ser acadados con éxito.		
Alcanzáronse os principais obxectivos propostos.		
Traballáronse todos os estándares de aprendizaxe seleccionados na planificación da tarefa.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces.		
Existe coherencia entre todos os elementos que compoñen a tarefa.		
Os recursos estipulados foron axeitados e de fácil acceso.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
Está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		
Existe claridade na linguaxe utilizada no seu deseño e planificación.		



## PRÁCTICA DOCENTE–LISTA DE COTEXO

	SI	NON
Deuse resposta ás principais necesidades do alumnado.		
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Fomentouse a motivación e implicación do alumnado nas actividades a través dunha linguaxe positiva.		
Conseguiuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Mantívoise una colaboración e coordinación real entre o profesorado implicado.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
Implicouse ás familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.		
A temporalización das accións foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Respondeuse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha valoración diaria ou semanal (de maneira informal) das actividades realizadas e dos aspectos de mellora.		
Construíronse os equipos cooperativos cos criterios propios da aprendizaxe cooperativa.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadoras para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
Dedicouse un tempo para a avaliación da aprendizaxe e da autoavaliación.		
O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		

Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.